

Nas novas de economía, a imaxe de Galicia preséntase na súa relación co centro, cos poderes e actores económicos: Madrid (co Goberno, sobre todo cos ministerios de Economía (polo tema do 15% do IRPF, polas reconversións de asteleiros) e o de Obras Públicas e Transportes (polas obras das autoestradas), Europa (coa Comisión e Parlamento Europeo, en temas de converxencia económica con Europa: a cuestión das cotas europeas de produción de leite, a perda de valor da terra) e América (co Goberno de Canadá polo problema pesqueiro do fletán). Todas as novas que nos amosan unha Galicia estanca-da, imaxes que foron xerando ao que Juan Luís Pintos denomina o *mito do atraso*.

Outros temas tratados sistematicamente en Euronews son os referentes ó narcotráfico e ós naufraxios. Novas como a presa de alixos de droga nas costas galegas, van máis aló do que é un suceso local e a información sempre toma un tratamento estatal e mesmo ás veces internacional (imaxes de Corpo Nacional de Policía, da Interpol, do Ministro do Interior, de xuíces, da Garda Civil, imaxes infográficas das rutas do narcotráfico entre Sudamérica e Europa, etc.).

Verbo das novas sobre naufraxios (abundantes tanto na información diaria coma nos magazines espaciais), estas revélanos —a través da posta en escena e da utilización de determinados códigos visuais e elementos endoxámicos xa codificados e que teñen significado de seu— a existencia dunha integración na vida cotiá do galego da morte. Sobre este tipo de integración xa aludía, aínda que con outros termos, Marcial Gonda nas súas obras, sobre todo cando se refería á Procesión da Pobra. Quérese dicir, integración no senso de que o galego estratifica os seus comportamentos (cotiáns) de tal xeito que o da morte non os colla desprevidos.

As novas sobre as rutas do Xacobeo, as rutas do románico, o turismo rural... son tratadas de xeito especial. Novas presentadas en forma de documental e reportaxe. Imaxes e textos típicos de folletos turísticos que convidan a visita-la zona no período de vacacións, cal se fosen os típicos vídeos de promoción da Xunta de Galicia, dun concello ou dunha axencia de viaxes.

Dende o punto de vista de tratamento da información, para Euronews, Galicia só existe como nova (no informativo diario «Journal») en temas de catástrofes naturais, sucesos, corrupción e contrabando. Preséntasenos a Galicia da traxedia, da mafia, da economía submerxida. Ou sexa, a Galicia do vicio. Ora ben, se nos referimos á información dada a través dos informativos especiais («los magazines»), o tratamento muda e preséntasenos unha Galicia digna de ser visitada turisticamente. Reportaxes e documentais elaborados con moito xeito que nos amosan unha Galicia turística. Unha Galicia cosmopolita, moderna, monumental, aventureira, artística, culta, enigmática. Quérese dicir, a Galicia bucólica. Tocante a contidos, produción simbólica, marcas culturais, elementos visuais e discurso, preséntasenos unha imaxe de Galicia estereotipada, pero unha imaxe rica porque está baseada na dualidade, na diferenza, no contraste: *a Galicia en positivo e a Galicia en negativo*, o que Juan Luís Pintos definiu como «a Galicia tradicional e a Galicia postmoderna». Conexión harmoniosa entre ambas realidade porque conviven. Producción constante de valores e de contravalores, de funcións e de distincións, de posibilidades e de contradicións.

TELEVISIONS REGIONAIS:
CADEAS POLÍTICAS.
AS CANLES AUTONÓMICAS
EN PERSPECTIVA COMPARADA

Victor Sampedro Blanco

Media Studies are genuinely linked to national political issues. They are an academic metadiscourse on the data defining of political reality.

MICHAEL SCHUDSON

Unha breve análise comparativa das televisións autonómicas do Estado Español fronte á radiotelevisión federal ou local da Alemaña, Francia e Bélxica, suscita unha explicación case exclusivamente política da orixe destas canles. Contra as xustificacións de orde cultural e lingüística ou as apelacións ao desenvolvemento das novas tecnoloxías comunicativas, *o modo propio de facer política* dos estados mencionados dá conta do nacemento e posterior evolución das televisións rexionais. Sendo isto verdade nos tres casos mencionados, resulta aínda máis patente nas televisións autonómicas do Estado

Español. Xa que logo, se a función *pragmática* da televisión rexional é unha función política, o primeiro paso crítico consiste en desmentir as pretendidas finalidades culturais e económicas do modelo actual. Estas últimas priman no discurso dunhas elites que, de feito, perseguen o monopólio da radiodifusión en núcleos diferenciados de volantes e en redes profesionais clientelares. Así, a televisión rexional convértese, sobre todo, en garante da presenza e promoción pública destas elites.

TELEVISIÓN REXIONAL

Segundo Zimmerman (1990) hai cinco tipos de televisión rexional. Trátase dun continuo que vai da (case) inexistencia á (case) total descentralización e serve para situar mos os casos dos que falamos a seguir. Pódense diferenciar:

1. Centros de produción rexional que funcionan como correspondentes asentados dos centros nacionais. É o caso de Irlanda e Grecia, e tamén dos centros rexionais de Televisión Española (TVE) durante o franquismo.
2. Centros de produción rexional con exclusividade para distribuír ou emitir información local na súa rexión. Existen exemplos desto na Francia, Dinamarca e Italia. Algúns centros rexionais de TVE comezaron a funcionar despois do xeito na transición.
3. Centros de produción rexional con máis dunha hora de emisión e que ademais de información distribúen programas culturais, de entretemento, e mesmo publicidade. O seu principal labor é, sen embargo, de complemento da televisión estatal. A BBC é o mellor exemplo. Este é tamén o nivel atinxido polos centros rexionais de TVE máis relevantes.
4. Centros de produción rexional que emiten toda unha serie de programas, pero emmarcados na organización que cobre o territorio de todo o estado. Na Alemaña cada Land (estado membro) ten o seu propio sistema de radiodifusión, pero todos emiten baixo o paraguas do sistema federal (ARD).
5. Entes de radiodifusión rexionais, que cobren o seu territorio con completa independencia. As cadeas autonómicas do Estado Español e as televisións belgas son bos exemplos.

¿MERCADOS NACIONAIS OU CULTURAS MINORITARIAS?

Os servizos de radiodifusión pública europeos foron pensados como palancas mediáticas da cultura nacional (Schlesinger, 1991; Drijvers, 1992). En orde cronolóxica, sen embargo, esta idea funcionou, primeiro, no plano de nacións-estado, como instrumento público para a formación dunha cultura integradora das diferencias locais. Máis tarde, a escena da comunicación internacional amosou a necesidade de defender a cultura nacional fronte ás ameazas vindas da globalización das economías estatais. O seguinte debate xorde cando a radiodifusión pública se implanta na esfera máis reducida das rexións. Agora, a defensa cultural faise fronte ao que antes era obxecto de salvagarda: o

estado-nación. O argumento básico, sen embargo, non é novo: as comunidades diferenciadas teñen dereito a se dotar de medios de comunicación propios e específicos. O problema reside en illar un criterio que identifique ás comunidades que precisan da radiodifusión pública.

O atallo máis socorrido é, primeiro, distinguir entre estados grandes e pequenos, para despois facer tratar como sinónimos os conceptos de cultura e lingua. É o vello escollido pola Comunidade Europea (CE) cando en 1988 lanzou o proxecto DAVID de promoción das culturas audiovisuais en mercados estatais ou espazos culturais reducidos. O proteccionismo e a intervención pública no sector audiovisual atende tamén á distinción entre «culturas grandes» (linguas maioritarias, faladas en grandes áreas xeográficas) e «culturas pequenas» (linguas minoritarias) para lexitimar nas últimas o apoio público aos sistemas televisivos. Vexámolo máis de perto.

A explicación culturalista non pode dar conta do sistema de radiodifusión xermánico, altamente federalizado, en oposición ao centralismo que exhibe o sistema galo, aínda que na Francia se producen diferencias culturais máis pronunciadas. Iparralde, Alsacia, Córcega ou a Bretaña manteñen unha distancia lingüístico-cultural moito máis profunda (entre si e con respecto a París) do que a existente en calquera grupo de *Landes* alemáns. Por outra banda, parece claro que no Estado Español non foron as peculiaridades culturais ou idiomáticas as que aconsellaron a creación, por exemplo, de Telemadrid.

Pero, ademais, ¿cal sería a consecuencia dunha política de axudas públicas ditada polo modelo do proxecto DAVID da CE, para protexer mercados estatais e culturas audiovisuais de reducidas dimensións? O Cadro I clasifica as rexións belgas e as Comunidades Autónomas históricas nestes dous eixos: tamaño do estado no que están inseridas e volumen de falantes da lingua propia destas rexións.

Cadro 1

	Tamaño do estado	
Extensión xeográfica da lingua	Grande	Pequeno
Grande	Español	Valonia
	Galecia	(Francés)
Pequeno	Catalán	Flamenco
	Basco	

Adaptado de Sampedro e Van den Bulck, 1995: 248.

Comprobado que a lóxica económica do mercado libre afectaría á viabilidade das televisións rexionais (Drijvers, 1992: 193), a CE ten propósito unha política de protección de certos mercados audiovisuais, mesmo cando vaia en contra das leis de desregulación comunitarias (Garrigaandía, 1993). Apliquemos os dous criterios.

O Estado Español, segundo os termos da CE, é un estado grande, ao contrario de Bélxica. Xa que logo, non debería permitirse a política proteccionista das televisións autonómicas, malia os problemas para facer viable en termos económicos as cadeas en euskera, catalán e galego. Bélxica, en troques, como estado pequeno que é, podería manter unha política de protección dos seus sistemas de radiotelevisión rexionalizados: o francés e o flamenco. Sen embargo, non é difícil argumentar que as «comunidades históricas» teñen máis dificultades para subliñar a súa identidade cultural en España que os valóns e flamencos belgas, amparados por un sistema federalizado que apunta ao equilibrio entre as dúas comunidades.

Deixando a un lado o argumento do tamaño dos mercados nacionais, tratemos de aplicar o segundo criterio: a extensión das áreas lingüísticas ás que pertencen as rexións belgas e españolas. A terminoloxía e a lóxica culturalista carecen de pertinencia para seren guías de acción política, polo menos consonte á interpretación «clásica».

O exemplo máis patente da imposibilidade de aplicar o proteccionismo sería a Televisión de Galicia (TVG), xa que tanto o estado que comprende á Galicia coma a súa área cultural (a galego-portuguesa) son de grandes dimensións. Nas antipodas atopárase o caso da cadea flamenco-belga (BRIN), que podería recibir tódalas subvencións posibles: un mercado estatal pequeno e unha área cultural minoritaria. Esqueceríase así que a normalización do idioma holandés en Bélxica é infinitamente superior á do galego na Galicia. Por outra banda, bascos, cataláns e valóns estarían nunha situación sumamente ambigua. TV3 e mais ETB pertencen a comunidades dun estado «grande», por máis que as súas áreas culturais sexan reducidas. Todo o contrario que a RTBF (cadea belga en francés) de Valonia. Unha vez máis, tampouco non resulta desproporcionado soste que os seis millóns de cataláns precisaba(n) con maior urxencia unha televisión propia que os outros tantos valóns. Estes últimos contaban dende había décadas cunha entidade política federal, e mantiñan estreitos lazos culturais coa Francia, un produtor audiovisual nada desprezable.

Os sistemas de radiodifusión rexional e, como logo veremos, as elites políticas que lles deron orixe gostan de apelar aos argumentos culturais para demandar proteccionismo e inversión de carácter público. Resulta patente que estes argumentos non son doados de soste con coherencia e, mesmo, pódense virar na súa contra. A dicotomía estados-nacións grandes e pequenos, xustaposta á de culturas (linguas) maioritarias e minoritarias, non é válida nin conceptual nin pragmaticamente. A alternativa que aquí se propón considera primordialmente políticas a orixe e as funcións das cadeas rexionais.

POLÍTICA E RADIOTELEVISIÓN REXIONAL

Os casos máis relevantes da televisión pública rexional europea son un símbolo de autonomía política crecente de certos territorios e das súas elites. Autonomía que, por suposto, en ocasións amosa tamén aspectos económicos e culturais. Pero, resulta inegable que a súa orixe foi a dun subproduto da institucionalización política das comunidades rexionais. Son, polo tanto, o froito dun *estilo político* (Richardson, 1982; Subirats,

1994) concreto: o xeito típico e predicible co que se adoptan tomar decisións políticas nun estado e nas rexións que o compoñen. A análise máis detallada das *comunidades políticas* responsables da televisión rexional en Alemaña, Francia, Bélxica e o Estado Español (Sampedro, 1992) apoia esta interpretación.

Dun xeito moi breve o sistema de radiodifusión pública federalizada da Alemaña explicase polo artigo 30 da Lei Básica ou Constitución. Polo modo a unha reprodución do monopolio goeblesiano das ondas, os territorios federados (*Länder*) foron dotados de amplas competencias audiovisuais. Máis tarde, a orientación política do partido gobernante en cada *Land* levou a un equilibrio máis ou menos estable. Na antiga RFA, ata os anos 80, os *Länder* do norte reflectían a maioría socialdemócrata, fronte ao sur con maioría conservadora (Humphreys, 1990: 168-170). Cando os cristiandemócratas da CDU/CSU obtiveron o control do goberno de Bonn a partir de 1982, trataron de limitar a radiodifusión pública, apoiando ás empresas de satélite e de cable en mans dos editores de prensa con maior presenza no mercado. Na actualidade, os sistemas de radiodifusión dos *Länder* continúan a ser respaldados pola súa orixe constitucional, aínda que este fundamento semella perder terreo fronte a un estilo político de desregulación, cada vez máis desvenecellado das heccións da segunda posguerra mundial (Hoffman-Rien, 1990).

Tal como fica dito, a radiodifusión francesa amosta o grao máis baixo de rexionalización dos aquí tratados. A tradición do centralismo bonapartista explicou en grande medida. A rexionalización comezou nos anos 70 cando De Gaulle se propuxo contrapesar dende as ondas públicas as críticas da prensa rexional ao seu goberno (Estéphane, 1984: 188). O seguinte pulo veu da man dos executivos socialistas, tras a victoria de 1981, dentro dun proceso de relativa descentralización. As meras motivacións electorais non eran irrelevantes: a nova maioría socialista dominaba máis da metade dos consellos rexionais do estado francés (Gremion, 1987: 242). O posterior bloqueio deste proceso respondeu tamén a razóns electorais: a esquerda comezaba a perda de votos nas eleccións parciais e o desenvolvemento de novos medios só incrementaba a incerteza (Estéphane, 1984). A mesma lóxica de control político explica a prioridade do goberno de Chirac nas cadeas estatais, despois de 1986. Como resultado, a televisión rexional francesa vese estancada fronte ós novos negocios audiovisuais: o satélite, o cable e a privatización de cadeas estatais.

Bélxica amosa o caso antitético da Francia. O dualismo cultural da parte francesa e flamenga (enriquecido coa comunidade alemá do leste) é pedra angular da Constitución e de todo un xeito político propio: o «consociacionismo». No intento de pacificar as divisións sociais no seo de Bélxica, garantiúronse un elevado nivel de autogoberno a cada comunidade política, relixiosa e cultural, máis tamén unha representación paritaria nas institucións federais. A radiodifusión rexional comezou ao tempo en que xurdía o movemento flamenco e se formulaban reivindicacións de marxinalización cultural fronte á comunidade valona. Cada territorio dotouse dun servizo propio de radio e televisión públicas, contemporáneas dos problemas lingüísticos dos anos 60. Ata as reformas de 1988, as comunidades anosaron un control total, en termos políticos, económicos, culturais, e mesmo dos estándares técnicos da televisión que diferían notablemente. As cadeas privadas comerciais, máis próximas no tempo, aparecen de novo vencelladas ao interese da democracia-cristiana e da prensa conservadora por romper algúns «teudos» de gobernos socialdemócratas, como o flamenco (Sampedro e Van den Bulck, 1995: 244).

As liñas comúns da política audiovisual sinalada ata agora encaixan por completo no Estado Español, pero aquí están debuxadas cun trazo moito máis groso. Non hai que repetir que as orixes de TVE, na «década prodixiosa» do crecemento económico dos 60, enténdense desde a dominación política e as pretensións de control hexemónico do téxi-me franquista (Bustamante, 1989). Ao tempo, introducíuse unha razón de tipo económico: a televisión, como canle publicitaria, promovería a expansión do consumo interno.

A rexionalización das ondas públicas comenzo en 1971 co metro propósito de criar correspondencias para a sede de RTVE en Madrid. A distribución xeográfica destas rexións audiovisuais non atendía, en absoluto, á diversidade cultural. O caso da «rexión norte», que integraba provincias tan dispares como Navarra, Burgos ou Cantabria, achegábase, máis que a outra cousa, á distribución das capitais castrenses. Este recente pasado, marcadamente centralista, explica un dos principais motivos de os partidos nacionalistas nunca consideraren a rexionalización da TVE2 como alternativa ás terceiras canles autonómicas.

Os novos sistemas audiovisuais das CCAA naceron coa impronta legal da radiodifusión pública estatal. Os estatutos reproducen case coa literalidade dun papel de calca o de RTVE, que é de 1980. Xa entón primara a práctica do consenso, garantindo o control político e informativo pola forza parlamentaria maioritaria (Sánchez, 1990). Contrariamente ós casos europeos máis próximos (Alemaña e Bélxica) a apoiatura constitucional destas canles autonómicas abrangue, sobre todo, as tres «comunidades históricas». A experiencia amosa que na praxe política impuxéronse criterios partidistas nunha loita entre as elites centralistas e autonómicas para monopolizar mercados informativos e, polo tanto, de potenciais vontades. O significativo peso das forzas nacionalistas de Euzkadi e Catalunya nas cámaras de representantes e a importancia do seu apoio para os gobernos de Madrid aínda fortaleceu máis a súa posición.

Coa victoria dos socialistas en 1982 rompeuse o estilo político do consenso en varios terreos, tamén no audiovisual. Bascos e cataláns lanzaron as súas primeiras emisións televisivas sen marco legal, xa que a lei da Tercera Canle non chegou ata decembro de 1983. Os poderes autonómicos rexeitaron a proposta de TVE para establecer unha rede de transmisión, e por medo ao intervencionismo asumiron a implantación das súas infra-estructuras. Os gobernos centrais non demoraron a resposta. Coa excepción da TVG, ETB e TV3, o resto das canles autonómicas desenvólveronse baixo control de gobernos locais socialistas. Pola súa banda, os bascos lanzaron a segunda canle autonómica en español e en Cataluña reforzouse a programación en catalán coa creación da segunda canle dependente da Generalitat, C33. En todos os novos entes televisivos o clientelismo das redaccións e equipos de produción calca(ba)n o modelo da TVE...

En resumo, a rexionalización televisiva é un proceso conducido polas «novas» elites políticas rexionais, nun intento de participar, xunto co Estado, do monopolio da radiodifusión pública. Tiveron éxito naquelas zonas nas que o predomínio electoral puído transformarse tamén en control audiovisual. Acentuouse, logo, unha colonización partidista das ondas rexionais, paralela á que sempre se dera no aparello do estado. Neste proceso os criterios de viabilidade económica foron deixados a un lado, aumentando deste xeito a dependencia respecto aos poderes políticos locais.

O pluralismo interno, ou representación dos sectores sociais e culturais de maior relevancia, continúa sendo mera declaración de principios, como na TVE. As disposicións constitucionais e estatutarias ao respecto son papel mollado. Tampouco os intereses económicos non entraron aínda en acción na política audiovisual autonómica, e, de facelo, sería na xa inminente etapa da rexional local. Os casos europeos que comentamos indican que os grupos de presión televisiva conservadora, en coalición con gobernos municipais ou autonómicos do mesmo signo, promoverán unha política de desregulación e privatización. Unha televisión local artellada en torno ao comercialismo e sen criterios (por partidistas que ata agora fosen os imperantes) de política cultural, suporía unha seria ameaza para as cadeas autonómicas. Un resultado previsible sería o estafelamento da radiodifusión rexional, sen ter xogado outro papel que o de plataforma pública para certa normalización lingüística e, sobre todo, para a «performance» audiovisual de clientelas xornalísticas, políticos profesionais e funcionarios perfréicos. Córrese o risco de que morra un modelo de televisión pública que nin sequera se puído implantar.

A crítica sería aínda máis negativa tendo como parámetro o modelo alternativo de radiodifusión rexional que se perdeu polo camiño, e non só os erros do sistema actual. Este último encheu o espazo audiovisual autonómico, primando a loita partidista sobre o artellamento político da comunidade, o clientelismo sobre a valía profesional dos comunicadores, e a carreira comercial sobre a diferenza cultural na competencia co resto das televisións. A democratización dos controles e o incremento de participación da sociedade son tarefas pendentes dunha radiodifusión rexional que veu sumirse a un sistema de medios públicos estatais con idénticas carencias.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Bustamante, E. (1989). «Television and public service in Spain: a difficult encounter», *Media, Culture and Society*. Vol. 11. Sage (67-87).
- Drjivers, J. (1992). «Community Broadcasting: A Manifesto for the Media Policy of Small European Countries», *Media, Culture and Society*. Sage. Vol. 14 (193-201).
- Estépliane, R. (1984). «Una tipología de la televisión regional», en Diputación Aragonesa (ed.) *I Jornadas sobre televisión autonómica*. Zaragoza.
- Garlaonandía, C. (1990). «Políticas de comunicación de las regiones y nacionalidades europeas», RTVV (ed.) *Las radiotelevisións en el espacio europeo*. Valencia (267-287).
- Gremion, C. (1987). «Decentralization in France: A historical perspective», en Ross, G. et al. (eds) *The Mitterrand Experiment*. Oxford. Polity Press.
- Hoffmann-Rien, W. (1990). «New Media in West Germany: The Politics of Legitimations», en Rosen, Ph. T. (ed.) *International Handbook of Broadcasting Systems*. New York. Greenwood Press.
- Humphreys, P. J. (1990). *Media and Media policy in West Germany*. New York. Berg.
- Richardson, J. (1982) (ed.). *Policy Styles in Western Europe*. Londres: Allen & Unwin.

- Sampedro, V. (1992). «Policy Communities of Regional Broadcasting in Western Europe: Western Germany, France, Belgium and Spain». Estudo para o Instituto Juan March, inédito.
- Sampedro, V. e Van Den Bulck, J. (1995). «Regions vs states and cultures in the EC media policy debate: regional broadcasting in Belgium and Spain», *Media, Culture and Society*; Sage. Vol. 17 (239-251).
- Sanchez Ferriz, R. (1990). «Control parlamentario de las RTV públicas en España», en RTVV (ed.), *Las radiotelevisións en el espacio europeo*. Valencia (99-10).
- Subirats, J. (1994). *Análisis de políticas públicas y eficacia de la Administración*. Madrid: Instituto Nacional de la Administración Pública.
- Schlesinger, PH. (1991). «Media, the political order and national identity», *Media, Culture and Society*; Sage. Vol. 13 (297-308).
- Schudson, M. (1989). «The sociology of news production», *Media, Culture and Society*; Sage. Vol. 11 (263-286).
- Zimmerman, P. (1990). «Las televisiones regionales en Europa», RTVV (ed.) *Las radiotelevisións en el espacio europeo*. Valencia (130-148).

ESTUDIO DE GRAMÁTICA EN TUI.
(TESTemuÑO DUNHA
REPREsIÓN LINGüÍSTICA)

Xulián Maure Rivas

INTRODUCCIÓN

A finalidade deste traballo sobre o nacemento do primeiro Estudo de gramática na cidade de Tui é dobre. Por unha parte dar a coñecer dous documentos que se gardan no Arquivo da Catedral de Tui,¹ relacionados coa historia do ensino en Galicia; e por outra, facer unha reflexión sobre uns feitos históricos —a represión dos hábitos lingüísticos da poboación galega— que tanto afectaron ás mentalidades de Galicia que se chegou a perde-la sensibilidade colectiva ante a perpetuación desa represión lingüística e ante a permanencia dos seus efectos.

¹ Agradezo a cordial atención a Ernesto Iglesias Almeida, responsable do Museo e Arquivo Histórico Diocesano de Tui, que me facilitou o coñecemento destes documentos.